

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 3

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de FEBREIRO de 2019, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (Ordinaria do 26 de decembro 2018).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Dar conta da resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2018. Expte. 99/143 (Rexistro Pleno 1970/1101)
- 3.-** Aprobación do Plan Económico Financeiro con motivo do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na liquidación dos orzamentos do exercicio 2018. Expte. 60/142 (Rexistro Pleno 1971/1101)

URBANISMO

- 4.-** Aprobación inicial da actualización do Inventario de Bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo (Pms). Expte. 1980/433 (Rexistro Pleno 1968/1101).

Mocións:

- 5.-** Moción do grupo municipal de Marea de Vigo, para o control da proliferación das apostas on-line e casas de apostas e tomar medidas de prevención ante a ludopatía. Rexistro Pleno 1977/1101.
- 6.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno de España a respectar a Constitución Española e a súa unidade, activar a

aplicación do art. 155 en Cataluña e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1983/1101.

- 7.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a cesión da Parcela 5 do Proxecto Sectorial do Hospital Álvaro Cunqueiro para que este Concello proceda á construción dun novo aparcadoiro municipal gratuíto. Rexistro Pleno 1978/1101.
- 8.- Moción do grupo municipal Socialista, instando a valoración do proxecto do Goberno de España que permitirá desenvolver a integración da conexión ferroviaria para o transporte de mercadorías entre o Porto de Vigo e a rede europea TEN.T, demandando da Xunta de Galicia toda cooperación institucional e administrativa. Rexistro Pleno 1979/1101.
- 9.- Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Goberno de España o establecemento dunha dotación adecuada de enfermeiras/os que podan garantir unha atención segura á poboación española, con igualdade entre comunidades autónomas e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1980/1101.
- 10.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia que no seu Plan Estratéxico da Automoción, que recolle programas específicos, facilite a dispoñibilidade de solo empresarial para a ampliación do Polígono Industrial de Balaídos. Rexistro Pleno 1981/1101.

PARTE DE CONTROL

- 11.- Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 532/1102 (Rexistro Pleno 1975/1101).
- 12.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 533/1102 (Rexistro Pleno 1976/1101).

Mocións.

- 13.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando a promover a dotación de 4.000 novas prazas de aparcadoiro, con especial atención aos residentes, mediante a construción de novos aparcadoiros en diversos puntos da cidade. Rexistro Pleno 1982/1101.
- 14.- **Formulación de rogos.**

15.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E SETE, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.